



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

**DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO,**

No Diario Oficial de Galicia núm 50 bis publicouse a Resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 18 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao acordo de Consello da Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020, polo que se declara a emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia, no seu nivel IG, como consecuencia da evolución da epidemia de CORONAVIRUS COVID-19.

No B.O.E. de 14 de marzo publícase o Real Decreto 46/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID 19.

Xa con anterioridade, á vista da situación e a súa evolución o Concello decidira suspender o certame da Feira do Queixo e Pan de Ousá. O venres fíxose pública a suspensión das actividades de clases de baile, ximnasia, curso de informática ou curso de servizos terapéuticos, ademais da cancelación das atención no Punto de Atención á Infancia ata novo aviso.

Non obstante á vista das disposicións de referencia, no uso das facultades que me son conferidas pola lexislación de réxime local,

DECRETO:

- Confirmar a suspensión anteriormente acordada.
- As oficinas permanecerán pechadas ao público, sin perxuízo da atención telefónica ou a través de sede electrónica. No caso de non dispor de servizos telemáticos e para casos de urxencia, o Concello atenderá presencialmente previa cita telefónica de 9 a 14 horas.
- Os servizos sociais quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos.
- O persoal de obras e servizos dedicarase preferentemente á realización de labores de urxencia, de servizos de mantemento de instalación ou servizos, podendo realizar soamente traballos que non impliquen risco para a saúde pública, de conformidade coas disposicións vixentes.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Quedan suspendidas as sesión periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais, Xuntas de Goberno, así como a celebración do pleno ordinario de 26 de marzo.
- Quedan suspendidas as actuacións en relación cos procedementos convocados en orde a selección de persoal do Programa Depuemprego, financiado polo Plan único da Deputación Provincial.
- Estarase ao disposto na disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo polo que se refire á suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

O que manda e asina en Friol, a dezaseis de marzo de dous mil vinte.-